



EUROREDE DO DEPORTE

**MEMORIA
2008**



ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN	3
2.- ACTIVIDADES	5
2.1.- Técnicas	5
2.1.1.- Asesoramiento.....	5
2.1.2.- Actividades propias.....	5
2.2.- Deportivas.....	6
2.2.1.- Colaboración.....	6
2.2.2.- Actividades propias.....	6
2.2.3.- Actividades dos socios da Eurorede do Deporte	7
3.- FINANCIAMIENTO	11



1.- INTRODUCCIÓN

Parece oportuno presentar esta memoria cunhas breves reflexións sobre o momento en que vivimos no deporte e que, sen dúbida, influirá no devir e a boa marcha da nosa Eurorede do Deporte.

En primeiro lugar, debemos recoñecer que o momento económico, “A CRISE CON MAIÚSCULA”, non é nin será alleo á promoción da actividade física e o deporte. Está claro que os recursos económicos públicos que ata agora se dedicaban a esta promoción sufrirán recortes en función da necesidade de cubrir outras demandas sociais prioritarias.

Doutra banda, tamén o financiamento privado do deporte se encontra inmerso nun estado de “crise” que afectará, sen dúbida, a ese sector do deporte-espectáculo que tradicionalmente viviu deses patrocinios.

Con todo, cremos que o noso sector debe ser innovador e facer dunha debilidade unha oportunidade; deberemos ser máis imaxinativos para propiciar que a sociedade se enganche á práctica da actividade física e deportiva con obxectivos de saúde, de benestar e cohesión, de solidariedade, con formas de facer máis “baratas”.

Unha boa oportunidade será, por outra banda, o desenvolvemento dos Acordos de Lisboa, que dotarán a Comisión Europea de competencias propias en materia de deporte e que posibilitarán a habilitación de liñas de subvención para programas europeos similares aos da Eurorede do Deporte.

A nosa rede está, nestes momentos ben situada, despois de que a Comisión Europea nos convidase a tomar parte no Forum Europeo do Deporte celebrado o pasado mes de novembro en Biarritz (País Vasco/Francia).

Neste Forum, entre outras moitas cuestións, abordouse o avance do Plan Pierre de Coubertin, que desenvolve as medidas adoptadas no Libro Branco do Deporte en Europa. Este plan desenvolveu xa 12 accións (das 53 previstas), accións todas elas relacionadas con estudos previos á asunción das competencias pola Comisión Europea (toda esta información está na páxina web da Unidade de Deportes da Comisión Europea <http://ec.europa.eu/sport>).

Dicir tamén, que, a pesar da crise, cremos que o **peso do deporte no ámbito económico, seguirá a ser significativo**, cunha media de cerca do 3 % do PIB en Europa e en crecemento continuo, especialmente como un factor importante na creación de emprego, no desenvolvemento dos territorios, na promoción do turismo e no respecto ao ambiente.

Outro aspecto sobre o que debemos reflexionar é sobre o desenvolvemento interno da Eurorede do Deporte. É preciso sinalar que as redes son activas sempre que os seus “NÓS” o



sexan. Neste sentido, durante o último ano asistimos a un verdadeiro despertar dos nós, especialmente o referido a Andalucía e, máis en concreto, á zona do Guadiana.

O labor do Concello de Ayamonte foi frutífera, estando nestes momentos liderando as relacións entre os municipios e as entidades deportivas de ambos os lados da antiga fronteira. Esta é, sen dúbida, unha forma práctica trasladable a outros nós da rede, un xeito de medrar en beneficio de todos.

Este labor nos “nós” propiciou que a rede creza nos últimos seis meses coa incorporación do Concello de Ayamonte e o club Txuri Urdin de hóckey sobre xeo de Donostia/San Sebastián. Estas incorporacións terán un efecto tractor para posibilitar a incorporación doutras entidades á Eurorede e aos seus correspondentes nós xeográficos. Así, o núcleo de Huelva poderá atraer ao seu veciños do Algarve e o Club Txuri Urdin a clubs de hóckey sobre xeo dos Pireneos.

Esperamos que estas reflexións nos sirvan para impulsar as accións de todos en beneficio dun crecemento sostido da rede.



2.- ACTIVIDADES

Neste apartado reflíctense, de xeito resumido, as accións de carácter técnico e deportivo, ampliándose a información nos respectivos anexos.

2.1.- Actividades técnicas:

As actividades técnicas da Eurorede do Deporte desenvolvéronse en dúas vertentes:

2.1.1.- Asesoramento:

- Asesoramento á Eurocidade Vasca Bayona-San Sebastián para o desenvolvemento da área de deporte, coa realización de varias sesións de traballo de cargos políticos e técnicos.
- Asesoramento na colaboración deportiva transfronteiriza aos clubs de San Sebastián Bera Bera R.T., Gros Xake Taldea e C.H.H. Txuri Urdin cos clubs Aviron Bayonnais de Bayonne, Echiquier Bayonne - Adour, Hormadi de Anglet, Anglet Olympique Handball, Oceanic Karaté Club Biarritz, Ur Ikara e Anglet Côte Basque Basket nas modalidades de cicloturismo, rugby, xadrez, hóckey xeo, remo, karate, balonmán e baloncesto feminino.

2.1.2.- Actividades propias:

- Comité de Xestión celebrado en Madrid, na sede do Consello Superior de Deportes, o día 27 de febreiro de 2008.
- O IX Seminario transfronteirizo sobre cooperación deportiva celebrado en Figueres, Comarca de L'Alt Empordà (Xirona, Cataluña) o día 31 de outubro de 2008.
- Asemblea Xeral Ordinaria celebrada en Figueres (Xirona, Cataluña) , o día 31 de outubro de 2008.



2.2.- Actividades deportivas:

As actividades deportivas da Eurorede do Deporte desenvolvéronse en tres vertentes:

2.2.1.- Colaboración:

- Colaboración co Consorcio Bidasoa/Txingudi (Irún, Hendaia, Hondarribia) no desenvolvemento do seu programa de actividades deportivas.
- Colaboración coa Eurocidade Vasca Bayona-San Sebastián no impulso das relacións deportivas mediante convenios de colaboración entre clubs.
- Colaboración cos clubs Bera Bera R.T., Gros Xake Taldea e C.H.H. Txuri Urdin no desenvolvemento dos seus programas de actividades deportivas.

2.2.2.- Actividades propias:

- O VII Eurodeporte, encontro deportivo celebrado os días 30 e 31 de outubro e 1 e 2 de novembro de 2008 en L'Escala, Comarca de L'Alt Empordà (Xirona, Cataluña), na modalidade de deportes de aventura na natureza



2.2.3.- Actividades dos socios da Eurorede do Deporte:

2.2.3.1.- Club Bera Bera R.T.:

Jardueraren deskribapena / Descripción da actividade	Parte hartu duten bazkideak / Socios participantes	Lekua - Data / Data - Lugar	Bestelako informazio interesgarria / Outra información de interese
7ª marcha cicloturista eurocidade donostia - baiona- donostia	participantes: 802	Donostia - Baiona 11-05-08	En colaboración co club aviron bayonnais
IV torneo transfronteirizo volei de praia	participantes: 180	Donostia 14-15- 16/agosto/08	53 equipos de ambos os sexos. 5 equipos franceses, 2 italianos, 2 ee.uu., 1 alemaña
XVI trophee teink (batelekus tradicionais)	participantes: 80	Plentzia - San Juan de Luz (agosto 2008 - donostia 01.08.08)	En colaboración co club ur ikara de san juan de luz
V campionato transfronteirizo de karate	participantes: 70	Donostia	En colaboración co club oceanic karate club biarritz
Adestramentos karate con selección de pirineos atlánticos	participantes: 25	Biarritz	En colaboración coa fed. pirineos atlánticos e o club oceanic de biarritz
Intercambios transfronteirizos seccións club	participantes: 200	Biarritz / Anglet - Donostia (ao longo da tempada deportiva)	baloncesto con anglet cote basque - balonmán con anglet olimpyc handball - karate con oceanic karate biarritz - deporte adaptado con handisport pays basque - rugby con aviron bayonnais - ciclismo con aviron bayonnais - club con ur ikara
Stage transfronteirizo de karate (kumite)	participantes: 25	Donostia 15.02.08	En colaboración co oceanic karate club biarritz
Stage transfronteirizo de karate	participantes: 20	Biarritz 19.03.08	En colaboración co oceanic karate club biarritz



2.2.3.2.- C.H.H. Txuri Urdin I.H.T.:

Jardueraren deskribapena / <i>Descripción da actividade</i>	Parte hartu duten bazkideak / <i>Socios participantes</i>	Lekua - Data / Data <i>- Lugar</i>
Reunión Figueres	Todos	Figueres
Reunión Madrid	Todos	Madrid
Torneo interpirenáico sénior	Anglet, txuri, puigcerda, jaca, barcelona, gasteiz	Liga
Torneo interpirenáico sub - 18	Anglet, Bordeus, Andorra, Puigcerda, Toulouse, Font Romeu, Jaca, Barcelona	Liga
Torneo interpirenáico sub - 15	Anglet, Bordeus, Andorra, Puigcerda, Toulouse, Font Romeu, Jaca, Barcelona	Liga
Encontros escolas deportivas sub - 13, sub - 11, sub - 9	Anglet, Bordeus, Andorra, Puigcerda, Toulouse, Font Romeu, Jaca, Barcelona	Encontros fin de semana

2.2.3.3.- P.M.D. Ayamonte:

Descrición da actividade	Socios participantes	Data / Lugar	Outra información de interese
Ascenso e Descenso do Río Guadiana a Vela. Esta actividade celébrase nunha fin de semana con dúas etapas, unha o sábado desde a foz do río ata Sanlúcar de Guadiana/Alcoutim, e a outra etapa o domingo ao contrario. Cada ano cámbiase o lugar de chegada e a cea de convivencia da primeira etapa.	Os Concellos de Vila Real de Santo António e Alcoutim (Portugal) e Ayamonte e Sanlúcar (España). Os clubs náuticos Associação Naval do Guadiana de Vila Real e Club Náutico Isla Canela de Ayamonte.	23 e 24 de agosto de 2008, Ayamonte/VRSA, Alcoutim/Sanlúcar de Guadiana.	Unha proba aberta a todo tipo de embarcacións, desde cruceiros a táboas de vela, contando coa participación dunha ampla gama de clases. Esta é a festa da localidade que recibe a etapa do sábado, posto que acompañan moitos barcos a motor á proba, cun gran ambiente esa noite no municipio.
Travesía de Natación. Esta actividade consiste en atravesar o río Guadiana desde unha beira a outra, tendo a saída nun sitio e a meta na banda contraria. Na mesma participan unha media de 150 nadadores procedentes fundamentalmente de Andalucía e o Algarve.	Os concellos de Vila Real de San António e Ayamonte. O Grupo Deportivo Pic-nic e a Associação Naval do Guadiana por parte de Vila Real e por parte de Ayamonte, o Club Náutico Isla Canela e o CD. Bajamar e a empresa Ocio Sur Ayamonte.	30 de agosto de 2008. Ayamonte/VRSA.	Proba aberta a distintas categorías, tanto federadas como populares, co establecemento de múltiples categorías. Nádase unha distancia aproximada de 1.500 metros desde unha localidade a outra. O municipio que recibe a proba é o responsable da entrega de premios e atencións aos nadadores.
Regata de Piragüismo "Río Guadiana". A mesma celébrase un sábado, aproveitando que a marea está subindo, sobre unha distancia de 35 quilómetros. Sae desde a foz do río (Vila Real e Ayamonte) e cada ano altermase a chegada entre Alcoutim e Sanlúcar de Guadiana.	Os Concellos de Vila Real de Santo António e Alcoutim (Portugal) e Ayamonte e Sanlúcar (España). Os clubs náuticos: Associação Naval do Guadiana de Vila Real e Club Náutico Isla Canela e C.D. Bajamar de Ayamonte.	20 de setembro de 2008. Saída desde Ayamonte/Vila Real e chegada a Alcoutim.	Proba aberta a embarcacións K-1 e K2 de embarcacións de competición das categorías Júnior, Sénior, Veteranos masc. e fem. e K.1 e K-2 populares(embarcacións de turismo) masculino e feminino. Conta cunha participación de mais 150 participantes, aproximadamente, debido á súa longa distancia.
X Millas de Atletismo do Guadiana. Esta carreira celébrase entre as localidades de Vila Real de Santo António e Ayamonte a través da ponte internacional sobre o río Guadiana, sobre unha distancia total de 16.090 metros.	Os Concellos de Vila Real de Santo Antonio e Ayamonte. O Grupo Deportivo Pic-Nic e o Moto-Clube de VRSA e o Club Atletismo Ayamonte e o Moto-Club Ayamonte.	9 de novembro 2008.- Ayamonte/VRSA.- Grupo Deportivo PIC-NIC e Club de Atletismo.	Cunha participación superior a 600 participantes, nas distintas categorías. Cada ano, seguindo o formato das probas anteriores, cámbiase a saída e a chegada, que coincide cun estadio de atletismo, ben en VRSA, ben en Ayamonte.
I Edición Xogos Baixo Guadiana. Este programa conta cunha gran variedade de disciplinas deportivas e actividades físicas dirixidas a distintos sectores da localidade, desde práctica de actividades recreativas ata competitivas, e desenvólvese en todos os municipios que forman parte do proxecto. (Achégase programa do ano pasado).	Portugal: Vila Real de Santo António, Castro Marim, Alcoutim e Mértola. España: Cartaya, Ayamonte e a mancomunidade de Beturia formada por: Villablanca, San Silvestre de Guzmán, Sanlúcar Guadiana, El Granada, Castillejos, El Almendro e San Bartolomé.	Do 16 ao 24 de maio. En todos os municipios que participan no programa.-	Cóntase cunha gran implicación de clubs e asociacións dos distintos municipios que forman parte do programa. Participaron na edición do ano pasado preto de 3.000 deportistas.



2.2.3.4.- Consorcio Transfronteirizo Bidasoa Txingudi:

Descrición da actividade	Socios participantes	Data / Lugar	Outra información de interese
Festa do Deporte Escolar de Bidasoa-Txingudi	Consortio Transfronteirizo Bidasoa-Txingudi	Frontón Jostaldi en Hondarribia / o 31 de maio	En colaboración cos Concellos de Irún, Hondarribia e Hendaia
Volta Ciclista ao Bidasoa	Consortio Transfronteirizo Bidasoa-Txingudi	Estradas de Gipúscoa, Navarra e Pireneos Atlánticos. Etapas de Oiartzun, Irún, Hondarribia, Hendaia / do 7 ao 10 de maio	Organizado por Bidasoa Itzulia Elkarte.
Txingudi Korrika	Consortio Transfronteirizo Bidasoa-Txingudi	Estradas de Irún, Hondarribia e Hendaia / 8 de marzo	Organizado por Bidasoa Atletiko Taldea.
Descenso Internacional do Bidasoa con Aletas	Consortio Transfronteirizo Bidasoa-Txingudi	Augas do Río Bidasoa e da Bahía de Txingudi / 27 de abril	Organizado por Izurde en colaboración con Urpean.
Torneo Infantil de Seleccións de Balonmán	Consortio Transfronteirizo Bidasoa-Txingudi	Polideportivo Hondartza de Hondarribia / 23 de marzo	Organizado por Hondarribi Kirol Taldea.
Campionato de Inverno de Vela / Copa Txingudi de Pesca de Túnidos / Copa Txingudi de Veá	Consortio Transfronteirizo Bidasoa-Txingudi	Augas da Bahía de Txingudi e contorna marítima => campionato de inverno de vela de xaneiro a marzo, trofeo Txingudi de pesca de túnidos o 12 de xullo, Copa Txingudi de Vela o 5 de outubro	Organizado por Club Náutico de Hondarribia e Club Maritime Hendaye Txingudi.

2.2.3.5.- Consell Comarcal l'Alt Empordà:

Descripció de l'activitat / Descrición da actividade	Socis participants / Socios participantes	Lloc - Data / Data - Lugar
MASDH3 TROFEU CANIGÓ. Trofeu transfronterer Alt Empordà-Vallespir. COPA CATALÁ INTERNACIONAL DE DESCENS AMB BICICLETA DE MUNTANYA.	CONSELL COMARCAL DE L'ALT EMPORDÀ	27 D'ABRIL/MAÇANET DE CABRENYS
XI TROFEU DE L'AMISTAT. Transfronterer de futbol base.	CONSELL COMARCAL DE L'ALT EMPORDÀ	13 D'ABRIL/PORTBOU



3.- FINANCIAMENTO

As actividades descritas foron financiadas mediante as achegas (directas, en diñeiro, como indirectas, en instalacións), das distintas institucións, empresas, clubs e entidades relacionadas coa Eurorede do Deporte:

Deputación Foral de Guipúscoa
Xunta de Andalucía - Consellería de Turismo, Comercio e Deporte
Instituto de Deportes de Portugal - Delegación para a Rexión do Algarve
Consortio Transfronteirizo Bidasoa Txingudi
Consell Comarcal de L'Alt Empordà
Concello de Isla Cristina
Asociación Sotavento Algarvío
Bera Bera R.T.
Aviron Bayonnais
Fundación Deporte Galego
Universidade da Coruña
Eurocidade Vasca San Sebastián Bayona
Hormadi
Gros Xake Taldea
C.H.H. Txuri Urdin
Echiquier Bayonne – Adour
Anglet Olympique Handball
Oceanic Karaté Club Biarritz
Anglet Côte Basque Basket
Ur Ikara



eurored del deporte





